



PROPOSTA DE USO DIDÁCTICO DA WIKIPEDIA NAS CLASES DE LINGUA Estrutura Galega de Contidos

De que lingua?

A proposta que se presenta neste documento está inicialmente pensada para a clase de Lingua Galega e Literatura da ESO, pero pode ser adaptada a outros niveis educativos e ao estudo doutros idiomas, dado que Wikipedia está dispoñible en galego, en castelán, en inglés, en francés, en alemán e en portugués, ademais de noutras linguas que non se imparten actualmente no marco do noso sistema educativo:

En galego: <http://gl.wikipedia.org/wiki/Portada>

En portugués: http://pt.wikipedia.org/wiki/P%C3%A1gina_principal

En castelán: <http://es.wikipedia.org/wiki/Portada>

En inglés: http://en.wikipedia.org/wiki/Main_Page

En francés: <http://fr.wikipedia.org/wiki/Accueil>

En alemán: <http://de.wikipedia.org/wiki/Hauptseite>

Que é Wikipedia?

É un proxecto internacional levado adiante por voluntarios co propósito de facer unha enciclopedia libre, accesible, colaborativa e de balde en moitos idiomas. O obxectivo é a plena transmisión da sabedoría e do coñecemento sen restricións editoriais nin comerciais. O desenvolvemento da Wikipedia está aberto a todo o interesado en contribuír, o que significa que os seus usuarios poden engadir artigos ou corrixir e modificar os xa existentes. Significa así mesmo que, dado que os que elaboran a Wikipedia nuns idiomas son diferentes aos que a elaboran noutro, o número de entradas e o seu contido varía tamén de lingua a lingua.

Existen outros proxectos irmáns da Wikipedia aos que podemos acceder dende o mesmo enderezo que se indicou arriba:

Wiktionary, diccionario no que tamén podemos crear e modificar entradas

Wikiquote, colección de citas

Wikilibros, que ofrece textos didácticos e contidos de libre difusión

Wikisource, depósito de textos, tamén literarios

Commons, depósito compartido de imaxes, música e son

Wikispecies, directorio de especies de seres vivos

Wikinovas, xornal dixital

Non todos os proxectos empezaron a desenvolverse en lingua galega.

Aquí ímonos centrar no uso da Wikipedia, aínda que practicamente todas as propostas son aplicables, como mínimo, tamén ao Wiktionary.



Obxectivos, contidos, metodoloxía

Entre os obxectivos da materia de Lingua Galega e Literatura para a etapa da ESO figuran os seguintes, que serán os que guíen a nosa proposta didáctica:

-Utilizar a lingua galega, oralmente e por escrito, como instrumento para a comunicación interpersonal e para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.

-Utilizar a lingua galega para a comprensión e para a elaboración de informacións orais e escritas, atendendo ás características formais de cada unha delas.

-Ler con fluidez, comprensión e actitude crítica (...).

En canto aos contidos, como se verá calquera dos que compoñen o programa poderá traballarse con esta enciclopedia, que é universal e, ao mesmo tempo, adaptable ás nosas necesidades, pero dun xeito especial e máis práctico traballaránse os relacionados coa comprensión e produción de textos expositivos, así como coas técnicas de busca de información en novos soportes.

A metodoloxía da proposta presenta un enfoque comunicativo-funcional, segundo o cal nunha clase de lingua (VanPatten, 1992):

- a) O uso e a comunicación son o obxecto de aprendizaxe fundamental
- b) A finalidade é dar resposta ás necesidades comunicativas do alumnado
- c) A aula convértese nun contexto comunicativo real onde o alumno é protagonista activo, pois non poderá aprender a expresarse e a entender sen falar, escoitar, ler e escribir os seus propios textos.

Imos ao conto: actividades

- Wikipedia como fonte de información.

Wikipedia é nestes momentos a única enciclopedia á que se pode acceder de balde a través da rede, polo que sempre que queiramos que os nosos alumnos amplíen a información que se lles dá na clase, podemos recomendarlles o seu uso.

Suxerimos que o profesor revise os artigos que os seus alumnos van consultar e engada a información que considere relevante para os seus obxectivos sempre que esta falte.

Se pretendemos que os rapaces fagan un traballo sobre calquera aspecto do programa (ex. verbo dun escritor de literatura galega, verbo de historia da lingua, sociolingüística... no caso das linguas estranxeiras sobre algún aspecto da cultura anglosaxona, francófona...) e queremos evitar que se limiten a cortar e pegar a información que encontran en Internet, sen lela nin comprendela, podemos empregar estratexias como a seguinte:



1. Ampliamos un artigo da Wikipedia de maneira que se encontre nel toda a información que queremos que os nosos alumnos atopen, pero tamén outra secundaria ou menos relevante que en ningún caso minguará a coherencia do texto. Por exemplo, se ampliamos o artigo existente sobre Rosalía de Castro, a carón de datos da máxima importancia, como o título das súas obras en galego, situaremos outros, como o número de fillos que tivo ou as poboacións onde residiu.
2. Elaboramos unhas fichas con preguntas concretas que os alumnos deben responder unicamente coa información que encontren na Wikipedia e nas outras fontes que lles indiquemos. Deberán entregarnos esta ficha cuberta.
3. Unha vez corrixida a ficha, devolvémosllela para que na clase, con esa información e sen ter diante a fonte de onde a extraeron, redacten un traballo coherente e ben cohesionado que conste de portada, índice, introdución, os capítulos que nós lles marquemos e bibliografía.

- Wikipedia como lugar de expresión

No punto anterior propoñiamos empregar a Wikipedia como fonte de información para os alumnos, pero enfocabamos a actividade para que, ao tempo que adquirían e/ou ampliaban coñecementos, practicasen a lectura comprensiva e a expresión escrita. Neste punto o obxectivo primordial é a expresión escrita, pero ao mesmo tempo que a practican, os estudantes tamén ampliarán coñecementos sobre algún aspecto do programa e traballarán a lectura comprensiva.

1. O primeiro que lles podemos propoñer aos nosos alumnos é que accedan a algún artigo xa creado e que o amplíen. Debemos guíalos indicándolles que información consideramos que falta, así como os libros ou enderezos web onde poden encontrala. A súa misión será localizala e integrala de maneira coherente no texto previamente existente. Con todo, será conveniente tamén deixar un lugar á súa iniciativa persoal, para que poidan engadir datos que a eles lles resulten interesantes e que o profesor non contemplara.

Outra posibilidade é que, no canto de dicirlles nós que información lles falta, lles pidamos que, lidos os textos que lles proporcionamos como fonte de onde extraer datos, elaboren unha lista cos puntos que coidan que habería que engadir á Wikipedia. Revisada a lista polo profesor e/ou discutida cos compañeiros, será o momento de reelaborar o artigo.

2. A segunda proposta é a de crear unha entrada que non exista previamente. Podemos optar por que cada alumno ou grupo de alumnos faga a súa versión. Neste caso, expoñeríamos na clase os resultados e votariamos pola mellor proposta, que aínda así podería ser mellorada coas achegas de todos os compañeiros.

Tamén podemos elaborar entre todos un artigo amplo. Por exemplo, se escollemos a entrada “galego”, un grupo pode ocuparse de falar da historia da lingua, outro dos dialectos, outro da situación sociolingüística actual...



En calquera destes casos tamén haberá unha fase primeira en que o alumno terá que buscar documentación noutros libros, páxinas web e enciclopedias. Deberemos poñer os medios para que non se limiten a copiar e pegar textos, obrigándoos a que indiquen as súas fontes, delimitando as que poden empregar, usando fichas como as descritas no punto “Wikipedia como fonte de información”, etc.

- Avaliación

É conveniente que os nosos alumnos reciban, antes de comezar estas actividades, un cadro onde se sinalen os aspectos do seu traballo que se van valorar. Finalizada a tarefa, podemos devolverlles o cadro cuberto.

Cada profesor, en función do nivel dos seus alumnos e do aspecto no que lle interese incidir en cada momento, establecerá unha ficha de avaliación diferente. A que se presenta a continuación pretende ser simplemente un exemplo, baseado nas que habitualmente presentan as WebQuest (vid., por exemplo, <http://oncampus.richmond.edu/academics/education/projects/webquests/rainforest/>)

	Nada	Pouco	Abondo	Moito
Consultaches todos os libros/revistas/ páxinas web que se che indicaron. Respondiches correctamente ás preguntas empregando as túas propias palabras e demostrando así que comprendiches toda a información e seleccionaches a relevante.	0	3'5	6'5	10
Participaches activamente nos debates. Defendiches as túas opinións con educación e escoitaches con respecto as ideas dos demais.	0	3'5	6'5	10
Corrixiches/redactaches un artigo para a Wikipedia que expón clara e ordenadamente a información relevante e só a relevante. Empregaches as túas propias palabras e, cando non o fixeches, indicaches que estabas citando a outros autores e sinalaches a procedencia da cita.	0	3'5	6'5	10
O texto que redactaches presenta corrección gramatical e ortográfica.	0	3'5	6'5	10
Empregaches un nivel de lingua culto e un rexistro formal.	0	3'5	6'5	10
Tecleaches e subiches con éxito o teu artigo/a túa modificación a Internet	0	3'5	6'5	10

Educación para a convivencia

Empreguemos como empreguemos a Wikipedia, convén aproveitarmos para facerlles ver aos nosos alumnos que se trata dun proxecto no que traballan de maneira gratuíta e desinteresada moitas persoas en beneficio doutras. Podemos reflexionar sobre a importancia que ten para a sociedade a colaboración de cidadáns que poñen o seu tempo e o seu coñecemento ao servizo dunha causa.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Subdirección Xeral de Sistemas
de Información da Educación

www.edu.xunta.es



En todo caso, é importante que comprendan que o instrumento que teñen nas mans debe ser tratado con respecto, dado que é respectable o obxectivo que guía a xente que se esforza en sacalo adiante.

Polo mesmo, debemos ter bo coidado de que as modificacións que fagamos de artigos xa existentes realmente os amplíen e melloren, e de que as novas entradas que introduzamos estean ben escritas, presenten información verdadeira e non conteñan descualificacións para ningunha persoa ou grupo de persoas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Subdirección Xeral de Sistemas
de Información da Educación

www.edu.xunta.es



Bibliografía e outras fontes

- <http://gl.wikipedia.org/wiki/Portada>
- <http://oncampus.richmond.edu/academics/education/projects/webquests/rainforest/>
- *Decreto 233/2002, do 6 de xuño, polo que se modifica o Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia*
- Prats, M. A.: “Treinta actividades para usar las TIC en el aula”, en <http://www.infomania.com>
- VanPatten, B. (1992): “Second-Language-Acquisition Research and Foreign Language Teaching, Part 2”, en *ADFL Bulletin*, 3.